



PROCESO DE ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2024/2025

Do **1 ao 20 de marzo** ábrese o prazo de **solicitude de admisión de novo alumnado** no CEIP Plurilingüe San Vicenzo para o curso 2024/2025.

Os impresos de solicitude de praza escolar serán os correspondentes aos anexos da Orde do 21 de outubro de 2022.

Métodos de presentación das solicitudes por parte das familias:

- Recoller a solicitude no centro ou descargala na aplicación **admisionalumnado**, imprimir, cubrir a man ou a ordenador e presentala no centro educativo (**anexo II ED550B**)

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>).

- Presentar a solicitude no centro creada a través da aplicación.
- Presentar a solicitude en Sede Electrónica a través da aplicación.

Acompañando á solicitude temos que presentar a seguinte **documentación**:

- **Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da familia se no formulario de solicitude denega a súa consulta.**
- **Documento acreditativo da idade do alumno** (DNI, Libro de familia, Certificado de nacemento...)
- **Se un alumno cambia de centro** debe presentar un certificado de matrícula do centro no que estea matriculado no curso 2022/2023 ou un documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa. Os títulos legais do alumno/a deberán remitir ao centro unha copia da solicitude que formulen para ser admitido noutro centro.
- **Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio** se fose o caso.



Outra documentación necesaria:

- ***Certificado médico e boletín de vacinas (médico de cabeceira ou pediatra)***
- ***Dúas fotografías recentes tamaño carné actuais.***
- ***Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno feita polas dúas caras.***
- ***Certificado de empadramento no que aparezan todos os membros da unidade familiar (pídese no Concello). A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima de un ano respecto ao inicio do procedemento de admisión agás nas circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.***

Impresos que recollerán no colexio

- ***Impreso de lingua materna (Só 4º de Ed. Infantil)***
- ***Enquisa de Relixión ou Valores.***
- ***Impreso de autorización de publicación de imaxes.***
- ***Impreso de autorización de recollida de alumnado no centro escolar.***
- ***Impreso de transporte escolar se o neno/a vai utilizar ese servizo.***

Cada solicitante presentará unha única solicitude (asinada por ambos proxenitores) dirixida á dirección do centro no que se solicita praza en primeiro lugar, o mesmo no caso de separación ou divorcio, agás nos casos nos que a patria potestade estea atribuída a un dos proxenitores, familias monoparentais ou casos de violencia de xénero.